

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

A/A DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA
CONSELLERÍA DE FACENDA

1

Vista a nova proposta remitida pola Dirección Xeral da Función Pública para a modificación do Decreto de Listas 37/2006 do pasado martes 22 de xaneiro, dende a Central Sindical Independente e de Funcionarios **nos ratificamos nas alegacións xa presentadas** no mes de novembro de 2018.

Asemade, a continuación **engadimos seis novos puntos as nosas alegacións:**

- Respecto á **REDUCCIÓN DO VALOR DOS SERVIZOS PRESTADOS** (mes traballado) que pretende a Xunta de Galicia

Función Pública propón reducir, nas listas da xunta, o valor do mes traballado dós **0,25** puntos da actualidade a **0,15** puntos. E nas listas de incendios quere reducir dita puntuación, nos servizos prestados na Xunta, dós **0,45** puntos por mes actuais a **0,30**. No caso de concellos quere reducir de **0,25** a **0,15**.

Servizo en:	Listas Xunta			Listas Incendios Xunta		
	Actual	Proposta	Variación	Actual	Proposta	Variación
Xunta	0,25	0,15	-0,10	0,45	0,30	-0,15
Concellos	0,00	0,00	0,00	0,25	0,15	-0,10
Entes instrumentais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,15	+0,15

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

O contrario do que di a Xunta, e algún medio de comunicación transcribe, **A XUNTA NON VAI A DAR MAIS PESO Á EXPERIENCIA NA SELECCIÓN DE PERSOAL**, todo o contrario. Por exemplo, un inscrito nas listas no grupo C1 antes necesitaba traballar 6 anos e 8 meses para chegar ó tope dos 20 puntos por experiencia, pero agora necesitará 11 anos e 2 meses para acadar a mesma puntuación.

En consecuencia, se produce unha importante perda de peso específico da experiencia profesional respecto á nota do exame. Exames que, en moitos casos, leváronse a cabo fai 15 anos ou máis.

Neste senso, **no caso das listas de incendios** e coa configuración actual do baremo, para igualar unha puntuación de 30 puntos pola nota do exame un aspirante necesita 67 meses de traballo efectivo ($67 \times 0,45 = 30,15$ puntos). Sen embargo, có cambio pretendido, ese mesmo traballador necesita 100 meses de traballo efectivo para manter a súa posición actual nas listas respecto a un traballador que teña 30 puntos polo exame feito no ano 2004.

Polo tanto, e en base ao exposto, non podemos estar de acordo có cambio proposto.

Pola contra, CSIF PROPÓN A ELIMINACIÓN DO TOPE MÁXIMO de puntuación para que PUNTÚEN TODOS OS SERVIZOS PRESTADOS. Este tope de puntuación carece de sentido tras anos de abuso e fraude nas contratacións temporais, con unha cantidade importante de persoal interino e temporal na Xunta de Galicia acumulando entre 15 e 20 anos de antigüidade.

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

2. Respecto ao NÚMERO DE ÁMBITOS A ESCOLLER:

Na actualidade son tres e se pretenden pasar a cinco, a CSIF segue a manter o mesmo que dixemos na nosa propostas para a negociación dun novo decreto presentadas no ano 2011: **debe eliminarse o límite de ámbitos de elección para garantir os dereitos de aqueles integrantes con maior dispoñibilidade xeográfica**, permitindo escoller dende un só ámbito ate a totalidade dos mesmos.

De feito, con cinco ámbitos a escoller, mentres a uns grupos, escalas e categorías se lles permite optar á totalidade dos ámbitos e ao cen por cen das prazas existentes (nos casos nos que os ámbitos son servizos centrais máis as catro provincias), a outros só se lles permite optar a unha cuarta parte, ou incluso menos, dos ámbitos existentes na categoría.

3. Respecto á SUSPENSIÓN DE CHAMAMENTOS DE OFICIO

A norma en vigor establece, tras a aceptación dun chamamento, a suspensión de chamamento tanto para outros ámbitos da lista como para listas correspondentes a outras categorías, corpos, escalas ou especialidades, con determinadas excepcións.

No parece lóxico que dita suspensión de oficio afecte ao que poderíamos denominar “**mellora de emprego**”, es dicir, que estando o integrante prestando servizos nunha “non vacante” non poida ser chamado para cubrir unha praza igualmente “non vacante” en outro grupo, corpo ou categoría. **E incluso na mesma categoría se a praza que se oferta supón un incremento do tempo de traballo.**

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

4

Igualmente, tampouco parece lóxico que polo simple feito de prestar servizos nunha praza “vacante” non poida o interesado ser clamado para cubrir prazas “non vacantes” noutro corpo, grupo ou categoría.

En ambos casos, debemos recordar que **os integrantes das listas presentan as súas solicitudes de inclusión nas diferentes listas de forma independente e separada**, cada solicitude coa súa propia documentación e realizando o **pago de taxas** en cada unha delas, polo que non parece de recibo que nun momento determinado decaia o seu dereito a ser clamados en todas as listas onde estean incorporados.

Por ultimo, debe **eliminarse das excepcións do artigo 15 a coletilla “por unha soa vez”**, que se establece para a cobertura de vacantes estando en suspensión de oficio ou, en todo caso, que esa “soa vez” se estableza respecto á praza que ocupa no momento da oferta, poñéndose a cero o contador se perde o cambia de praza.

4.- Debe solucionarse o recoñecemento do tempo traballado no corpo, escala ou especialidade de persoal funcionario, tanto a efectos do seu cómputo no baremo como a efectos de poder inscribirse en listas pechadas, dos servizos prestados polos traballadores indefinidos non fixos aos que a Xunta de Galicia adscribiu, ao noso parecer de xeito ilegal, en prazas de funcionarios.

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

5.- Respecto a esixencia que o posto se atope incluído na RPT,

O artigo 9.b do borrador do Decreto de listas, establece

“b) Por cada mes completo de servizos efectivamente prestados na mesma categoría, corpo ou escala, na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais do sector público autonómico cuxos postos se atopen incluídos nas correspondentes RPT's: 0,15 puntos, ata un máximo de 20 puntos”

Pola súa banda compre recordar que tanto o artigo núm. 10 1. c) e d) do Estatuto básico do empregado público coma o **art.23 apartado c) e d da Lei 2/2015, de 29 de abril**, do emprego público de Galicia encadran dentro do concepto de persoal interino estas circunstancias:

c) a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que no respondan a necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidade farase constar expresamente no nomeamento e non poderá ser superior a tres anos, ampliábles ata doce meses máis si o xustificase a duración do correspondente programa.

d) o exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de seis meses dentro de un período de doce meses.

Posto que o Decreto 37/2006 ten como obxecto a regulación do nomeamento de persoal interino, non pode excluír a puntuación por servizos prestados por persoal a Lei de emprego público de Galicia e o EBEP, establecen taxativamente que teñen a condición de persoal funcionario interino.

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

Así pois, manter esta redacción no Decreto suporía ademais dunha grave discriminación respecto a un tipo de persoal interino respecto doutro, unha evidente ilegalidade ao contravir o Decreto normas de rango superior como as normas legais supramecionadas.

Por este motivo **se solicita a supresión deste extremo**, para que non se exclúa a puntuación por servicios prestados tanto por persoal funcionario interino por programas de carácter temporal e por exceso ou acumulación de tarefas.

6.- Problemática da apertura de Prazas a diversos Grupos de Titulación.

Tendo en conta as tendencias que se están a producir na modificación da práctica totalidade das RPTs, no sentido de que postos otrora reservados para Grupo A (Licenciatura), estanse a abrir indistintamente aos Subgrupos A1/A2 (Grao), compre tomar algún tipo de medida para evitar que os chamamentos se produzan exclusivamente dende o Grupo inferior, e impidan que se produza consecuentemente un vaciamento ou “peche de feito” das listas de SubGrupo de superior titulación.

Esa situación sería evidentemente contraria aos principios de mérito e capacidade posto que se sempre se acude a Lista de inferior categoría, os méritos acumulados polos aspirantes da Lista de Superior categoría, serán méritos unicamente “teórico” e dándose a situación de que a cobertura dunha praza A1/A2 (ou C1/C2, ou supostos similares) sería ocupada por aspirante na listas do A2 con menos puntuación dos que tería aquel que está na lista A1, co mesmo requisito de licenciatura ou grao determinado na RPT

Como solución se propón que no Decreto se inclúa un parágrafo coa seguinte redacción:

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

c) No suposto de coberturas de prazas abertas a diferentes Grupos de Titulación, o chamamento efectuaranse do seguinte xeito:

a) No suposto de cobertura non vacante, por un aspirante do mesmo Subgrupo de titulación que ostenta a titular da praza obxecto de cobertura.

b) No suposto de cobertura vacante, por un aspirante do mesmo Subgrupo de titulación que a que posuía o último titular da Praza.

c) No caso de que por ser de nova creación ou circunstancia análoga non existirá titular anterior, a cobertura efectuarase acudido a lista do Subgrupo na que os chamados ostenten maior puntuación en aplicación do Baremo do artigo 9º deste Decreto.

A continuación transcribimos novamente as alegacións da CSIF ao resto da proposta e que se presentaron no mes de novembro do pasado ano:

A CSIF leva anos **esixindo a negociación dun novo decreto** que regule as contratacións temporais na Xunta de Galicia. O decreto 37/2006 é un mal decreto que tivo o voto en contra da CSIF no ano 2006, cando foi aprobado en Comisión de Persoal có único voto favorable da CIG.

A modificación que propón a Xunta de Galicia **non resolve ningunha das eivas** do actual sistema de contratacións se non que, todo o contrario, afonda na **arbitrariedade** e na **foxida dos principios de igualdade, mérito e capacidade** que deben rexer o acceso ao emprego público, tamén do temporal ou interino.

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es 🌐 www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

O que realmente pretende a Xunta e impoñer unha modificación puntual do baremo de méritos coa única finalidade de puntuar os servizos prestados na sociedade anónima de capital público SEAGA. Pero estas presas non se compadecen ben coa **inacción da Xunta** ao longo de estes anos respecto ao decreto de listas e os sistemas de contratacións utilizados en moitos entes instrumentais:

8

1. A XUNTA SEGUE A MANTER UN DECRETO QUE CONTINUA SEN ADAPTARSE A LOFAXGA.

A disposición transitoria sétima da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) establece:

*“Nun prazo de **seis meses** a partir da entrada en vigor desta lei procederase a **modificar o Decreto 37/2006 para incluír**, salvo excepcións xustificadas, a **cobertura de prazos temporais de todas as entidades** suxeitas a esta lei. Esta modificación negociarase coas organizacións sindicais representadas na Mesa Xeral de Empregados Públicos.”*

Esta lei, **apoiada en Comisión de Persoal por CSIF**, entrou en vigor o 1 de xaneiro do ano 2011, édicir, se estableceu o 1 de xullo de 2011 como data límite para adaptar o decreto de listas e comezar a usalo para realizar as contratacións temporais nos distintos entes instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

Sen embargo, a Xunta de Galicia **incumpriu** a súa propia lei, **non adaptou o decreto 37/2006 á LOFAXGA**, e mantivo, ao longo dos últimos sete anos, **listas propias de contratación** en moitos entes instrumentais. Asemade, ditos sistemas de contratación no foron negociados no ámbito da función pública nin estiveron suxeitos aos mais mínimos controis.

Pola contra, e excepcionalmente ao longo destes anos, algún ente instrumental se dirixiu á Comisión Central de Listas para solicitar autorización para o uso das listas oficiais de la Xunta reguladas polo Decreto 37/2006. ¿E que fixo a Xunta de Galicia en eses casos? Chamar a través das listas oficiais, pero advertindo ao traballador que os seus servicios no serían posteriormente computados para as listas do Decreto...o mundo ao revés.

Agora nos atopamos coa proposta da Xunta de modificar o baremo de méritos para **computar unicamente os servizos prestados en SEAGA e seguir a incumplir a lei**, mantendo os mesmos sistemas de contratación paralelos. **Dende logo non o farán coa colaboración da CSIF.**

Dende a **CSIF** reclamamos a **negociación dun novo decreto**, adaptado a la Lei 16/2010, do 17 de decembro, **que obrigue a cumprir cós principios de igualdade mérito e capacidade na selección do persoal** de todos os entes instrumentais. Unha vez feito iso, poderanse computar os servizos prestados derivados de chamamentos realizados a través do novo decreto.

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

2. A XUNTA DE GALICIA CONTINÚA A MANTER UN DECRETO ANTERIOR, NON XA A LEI DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA, SENÓN QUE INCLUSO ANTERIOR AO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO DO ANO 2007.

10

O Decreto que a Xunta de Galicia se empeña en manter **foi publicado no ano 2006**. Non resulta necesario ser un experto na materia para comprobar que dende dita data, os **cambios legislativos** operados no eido da Función Pública foron moitos e profundos. Dende a entrada en vigor do EBEP ata a mais recente aplicación da Lei de Emprego Público de Galicia. Cambios xerais que afectan ás Titulacións, aos Grupos nos que se estrutura a función Pública, cambios derivados dunha profunda crise que derivou nas limitacións introducidas pola tristemente celebre e aínda vixente Lei 1/2012 e que afectou profundamente aos chamamentos de persoal, cambios en profundidade no procedemento Administrativo coa Derrogación da Lei 30/1992 e a reformulación do Sector Público Estatal e ata do sistema de notificacións, novidades en materia de Transparencia, en materia acceso ao emprego público das Persoas con Discapacidade.

Nada de isto se reflicte nun Decreto que, por todo o anterior, é **pouco útil, obsoleto, inxusto**, e que ademais presenta **importantes taras e disfuncións** no seu funcionamento.

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

3. A XUNTA DE GALICIA MANTÉN UN DECRETO OBSOLETO QUE PRESENTA MULTIPLES DISFUNCIONES

11

E por iso que a Administración autonómica debe acometer a súa total derogación e introducir novidades tales como:

- Actualización dun **baremo de méritos** que a día de hoxe non ten en conta elementos tan básicos como a Formación, os exames superados polos aspirantes en diferentes procesos selectivos, ou que fixa o máximo de antigüidade puntuable en 6 anos e 8 meses, ou 7 anos e 5 meses no caso do SPDCIF, cuestión que podería ter certa lóxica no ano 2006 (tendo en conta que os primeiros chamamentos en masa de interinos, trala primeira estabilización funcional efectuada na Xunta, foron no ano 1998), pero que sen dúbida carece de sentido, tras anos de abuso e fraude na contratación temporal con unha cantidade importante de traballadores acumulando entre 15 e 20 anos de antigüidade.
- **Supresión da artificial situación de castigo ao final da lista durante 4 meses** si se acumulan 12 de servizos, que vulnera claramente o acceso mediante os principios de mérito y capacidade, ao introducir o “Principio de Rotación” cuxa legalidade ou constitucionalidade resulta mais que dubidosa.
- **A oferta de vacante “por unha soa vez”**, que na práctica supón unha auténtica cadea perpetua para o integrante das listas.

CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

- O sistema de **suspensións de oficio** de chamamentos, que discrimina a aspirantes que moitas veces teñen a maior puntuación (a famosa raia).
- A Inclusión, tal e como xa fai dos anos recomenda o Consello Asesor da Discapacidade, presidido polo Conselleiro de Facenda, **medidas de discriminación positiva para o acceso de persoas con discapacidade** a Función Pública mediante contratacións temporais.
- Modificación do **sistema de penalizacións**.

12

E volvemos a lembrar unha vez máis que a **CSIF**, no ano 2011, presentou a petición da Dirección Xeral da Función Pública as súas propostas para a negociación dun novo decreto. Sete anos despois seguimos sen ter contestación.

En resumo, o **POSICIONAMENTO DA CSIF** é o seguinte:

- Levamos anos esixindo a **negociación dun novo decreto** que regule as contratacións temporais na Xunta de Galicia. O decreto 37/2006 é un mal decreto que xa tivo o voto en contra da CSIF no ano 2006,
- O novo Decreto deberá estar **plenamente adaptado ao disposto na Lei 16/2010**, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), ao Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei de Emprego Público de Galicia e en definitiva un Decreto moderno, áxil, transparente e adaptado a realidade social e xurídica do ano 2018

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia

Alegacións da CSIF á proposta de modificación do Decreto 37/2006 remitida por Función Pública

23 enero 2019

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

- Ten que abordarse unha **negociación global de todos os aspectos do Decreto** e non unha modificación á carta para favorecer a uns aspirantes en detrimento de outros.
- Na negociación de un novo decreto, dende a **CSIF** estamos dispostos a falar de todo, incluído o baremo de méritos, para o que defendemos, entre outras cuestións, **incrementar o valor dos servizos prestados eliminando os topes de puntuación**, puntuar a **superación de exames en diferentes procesos selectivos** e non só os do último proceso convocado e **incorporar a formación dos traballadores**. É una vergoña que a Xunta no teña en conta a formación de seus empregados.
- Moitas de estas cuestións xa foron suxeridas pola **CSIF** no ano 2011, cando a petición da Consellería de Facenda presentamos as nosas propostas para a negociación de un novo decreto, e sobre as cales non obtivemos contestación en 7 anos.

13

Por todo o exposto, a **CSIF** solicita a **retirada da proposta** de modificación do Decreto 37/2006 presentada pola Xunta de Galicia e a **apertura dunha mesa de negociación específica para a negociación dun novo decreto de listas**.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro do 2019

Asdo: Juan Carlos Rivas Vázquez

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csi-f.es www.csi-f.es/ambito/galicia